



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 04 DE AGOSTO DE 2022**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00038472R**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00022777S.**

#### **Licenza de rehabilitación de inmovible con destino hoteleiro situado na Rúa Cruceiro do Gaio, 7**

Concédesse a GESTINVEGAPRO21 SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 13/06/2022 e a documentación técnica presentada o 20/07/2022, a rehabilitación de inmovible con destino hoteleiro situado na Rúa Cruceiro do Gaio, 7 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 215.000,00 €.

### **3. COMERCIO. Referencia: 2022/00037979Z.**

#### **Aprobación do proxecto COMMARKET SANTIAGO para a súa presentación á convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais cortos de comercialización, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, convocada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Estado.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o Proxecto COMMARKET SANTIAGO, que conta cun orzamento de 729.506,45 euros, IVE engadido, cunha achega dun 80% do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (583.605,16 euros) en dun 20% do Concello de Santiago (145.901,29 euros).

Segundo: Solicitar ao Ministerio de Industria, comercio e Turismo unha subvención de 583.605,16 euros para o cofinanciamento do desenvolvemento do Proxecto COMMARKET SANTIAGO convocatoria 2022.

### **4. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora Alimentación Saludable Gallega. Febreiro-Maio 2022.**

#### **Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (8) emitidas por “Alimentación Saudable Gallega, SL, en concepto de servizo de cátering (almorzo e xantar) e de persoal monitor/coidador de comedor escolar nos centros de ensino de educación infantil e primaria (CEIP) de Santiago de Compostela (CON/39/2019), correspondente ao período que abrangue desde o 1 de febreiro ata o 31 de maio de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRESCENTOS CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS NOVE EUROS CON CINCUENTA E OITO

CÉNTIMOS (346.809,58 €), e que comeza pola número F/2022/1216 por importe de 74.405,85 euros e remata pola factura número F/2022/2713 por un importe de 79.573,60 euros, todas elas expedidas pola empresa "Alimentación Saudable Gallega, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

##### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038494T.**

**Servizo de cátering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria (CEIPs) dependentes do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

Primeiro.- Aboar as facturas emitidas pola empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, SL. desde a data deste acordo e ata a data de inicio do novo contrato polo "servizo de cátering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria (CEIPs) dependentes do Concello de Santiago de Compostela", cos seguintes prezos:

SERVIZO e PREZO PROPOSTO (SEN IVE)

ALMORZO: 1,97 €

XANTAR: 5,51 €

Segundo.- Iniciar os traballos que correspondan para a liquidación do contrato finalizado con data do 30/01/2022, co fin de determinar a compensación, se fose o caso, polas supostas perdas derivadas da prestación do servizo durante o curso escolar 2021/2022 ás que se refire a empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, SL.